

**ACTA SESIÓN ORDINARIA DA ASEMBLEA XERAL DO COLEXIO OFICIAL DE PROTÉSICOS DENTAIS DE GALICIA (C.O.P.D.G.) CELEBRADA O VINTETRES DE MARZO DE DOUS MIL VINTECATRO.-**

**Nº 1/2024**

**Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2024**

No Salón Ledesma do Hotel Gelmirez, sito na rúa do Hórreo nº 92, de Santiago de Compostela, sendo as 11:00 horas do día da data, co fin de celebrar, Sesión Ordinaria da Asemblea Xeral do Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia, en segunda convocatoria, os señores colexiados expresados a continuación, baixo a Presidencia de D. Avelino J. Sanmartín Caamaño, procede a abrir o acto para deliberar, e no seu caso adoptar acordos sobre os puntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

- 1º.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior:  
- Sesión Ordinaria nº 1/2023, de 17 de marzo.*
- 2º.- Informe de Xestión da Xunta de Goberno do exercicio 2023.*
- 3º.- Aprobación, se procede, da Conta Xeral de 2023.*
- 4º.- Aprobación, se procede, do proxecto de presuposto de 2024 coas súas Bases de Execución.*
- 5º.- Rogos e preguntas.*

**ASISTENTES:**

**PRESIDENTE:** D. Avelino J. Sanmartín Caamaño

**SECRETARIO:** D. José Ramón Rey Álvarez

**VICEPRESIDENTE:** D. Martín García García

**TESOUREIRA:** Dª. María Alicia Rodríguez Díaz

**VOCAL:** Dª. Belén Martínez Troncoso

**VOCAL:** D. José Caamaño Martínez

**COLEXIADOS:**

Pablo Ripoll Cabello (nº 50)

Vicente Vilariño Moro (nº 114)

Elena Segade Queiruga (nº 525)

Isabel López Gómez (nº 654)

Ninoska Hernández-Siverio Ruiz (nº 36000769)

**HORA DE INICIO:** 11:00 horas

**HORA DE REMATE:** 13:30 horas

Antes de iniciar o debate, e deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día o Sr. Presidente intervéñ para saudar a todos os colexiados asistentes e agradecer a súa presenza.

A continuación, logo de comprobación polo Sr. Secretario do quórum de asistencia e do número de votos que representa a maioría simple, (sobre un total de 11 asistentes no momento do inicio da sesión), comézase coa resolución dos asuntos incluídos na Orde do día.

**1º.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: SESIÓN ORDINARIA Nº 1/2023, DE 17 DE MARZO.**

Tendo todos os asistentes borrador da copia da acta da sesión anterior remitidas na convocatoria, procédese á súa lectura. Preguntados polo Sr. Presidente se hai algunha rectificación ou modificación que engadir e

someter. Non sendo formulada modificación ou rectificación algunha, sométese a votación a acta quedando esta aprobada por unanimidade dos membros presentes na anterior Asemblea.

## **2º.- INFORME DE XESTIÓN DA XUNTA DE GOBERNO DO EXERCICIO 2023.**

Por parte do Sr. Presidente procédese a dar lectura ao Informe de Xestión correspondente ao exercicio 2023.

Finalizada a lectura do informe, o Sr. Presidente pregunta se algún Colexiado desexa realizar algunha outra intervención, a tal efecto por parte do Colexiado Vicente Vilariño Moro (Colexiado nº 114) preguntase se un Odontólogo pode facer unha coroa a través do CEREC.

Por parte do Sr. Presidente contéstase que segundo a AEMPS soamente se poden facer restauracións unitarias directas ao paciente. O deseño, preparación, elaboración e fabricación de restauracións indirectas é competencia do protésico dental. Polo que un traballo a través do sistema CEREC non é unha restauración directa, no momento en que se fai o deseño... a través da máquina é restauración indirecta.

## **3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DE 2023.**

Polo Sr. Presidente dáse conta da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2023, cuxo contido literal é o seguinte:

### **INGRESOS**

O importe dos ingresos realizados ascende a 225.653,88 € o que representa un grao de execución sobre as previsións iniciais orzamentadas (198.170,00 €) do 113,85 % acumulado.

### **GASTOS**

Os gastos realizados ascenden a 206.735,11 € que sobre os créditos iniciais do Orzamento (198.170,00 €) representan o 104,32 % acumulado.

Os saldos no banco Santander e no banco Sabadell a 31 de decembro de 2023 ascenden á cantidade de 30.607,38 euros.

A 31 de decembro de 2023 o importe recibos devoltos ascende a **10.348,00 €** de acordo co seguinte cálculo:

| <b>Nº Recibos devoltos</b> | <b>Importe</b> | <b>Total devolucións</b> |
|----------------------------|----------------|--------------------------|
| 258                        | 38,00 €        | 9.804,00 €               |
| 32                         | 17,00 €        | 544,00                   |
| Total: 289                 |                | 10.348,00 €              |

Engadir que a data de 31 de decembro os saldos debedores por cotas atrasadas do exercicio e de anos anteriores ascende á cantidade de 38.633,10 euros dos cales a maioría se atopan en reclamación xudicial ou acordos de fraccionamento de pago.

Neste senso, subliñar que durante o ano 2023, se recuperaron por cotas Colexiais impagadas a cantidade de **5.346,66 euros**. Téndose que condonar a cantidade de **2.425,96 euros** a Colexiados que acreditaron o cese no exercicio profesional.

O importe de cantidade pendente de pago a favor de terceiros acredores ascende **12.415,25 €**. Estas facturas adoitan ser de novembro e decembro que teñen data de vencemento xaneiro ou febreiro de 2024. A maioría, 7.420,25 corresponden a pagos fraccionados con motivo do Congreso celebrado en novembro que xa se atopan a día da data liquidadas. Neste apartado tamén inclúense as facturas e liquidacións de órganos de goberno que non están pagadas a 31 de decembro de 2023

Deseguido, por parte do Sr. Presidente sométese a votación a conta Xeral do ano 2024, por unanimidade dos presentes adóptase o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO:** A aprobación por unanimidade da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2024.

#### **4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE PRESUPUESTO DE 2.025 COAS SÚAS BASES DE EXECUCIÓN.**

Polo Sr. Presidente pásase a dar explicación sobre o proxecto de presuposto do 2024.

En relación ao presuposto para o exercicio 2024 detállanse polo Sr. Presidente as distintas partidas relacionadas e indicadas no presuposto en cuestión.

O orzamento para o vindeiro ano 2024 segue a mesma liña que os orzamentos de anos anteriores. Neste orzamento contéplanse o pago anual ao Consello Xeral de 45.000 euros, comprendendo os pagos correspondentes á débeda así como da cota ordinaria mensual.

O orzamento para ingresos e gastos segue a ser o mesmo 198.170 euros.

No que concirne ás bases de execución do orzamento para o ano 2024, non se produce ningunha modificación con respecto ao ano 2023. Así en canto ás Bases de Execución expóñense aos presentes as bases de execución para o exercicio de 2024.

Por parte do Sr. Presidente sométense a votación o proxecto de presuposto para o ano 2024 e as súas bases de execución, adoptándose o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO:** *A aprobación por unanimidade do presuposto colexial para o exercicio 2024.*

**SEGUNDO:** *A aprobación por unanimidade das Bases de Execución para o ano 2024.*

#### **5º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Por parte da colexiada Isabel López Gómez (nº 654) ponse en coñecemento da asemblea que ao fronte dunha máquina de CAD CAM ten que estar un protésico dental, e que hai xente contratada nos laboratorios como auxiliares que desenvolven a actividade de protésico dental. Igualmente, propón ao Colexio que se comunique a todos os institutos da obrigatoriedade de colexiación.

Por parte do Presidente, ponse en coñecemento dos presentes que o Colexio de acordo coas diversas xuntanzas que se mantiveron coa Xunta de Galicia, establecéronse liñas de colaboración referente ao coñecemento de protésicos dentais que desenvolven a actividade nos laboratorios con fin de regularizar a situación de todos aqueles que traballen por conta allea e non cumpren os requisitos de titulación, colexiación ou aseguramento de responsabilidade civil. A tal efecto estableceuse unha colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Colexio que xa se está por en práctica.

Así mesmo, sinala que o profesional protésico dental ten a obriga de defender a profesión e comunicar as situacións irregulares que coñeza.

Por parte do colexiado Pablo Ripoll Cabello (nº 50) preguntase se a documentación do laboratorio pode conservarse en formato dixital.

Por parte do Sr. Presidente infórmase de que pode conservar a documentación nese formato.

Polo colexiado Martín García García (nº 362) sinálase que o paciente non coñece que pode pedir a declaración de conformidade e a factura desglosada. Que neste senso desde o Colexio debería informarse ao paciente neste senso.

E non sendo outro o obxecto da convocatoria nin habendo máis asuntos a acordar, polo Sr. Presidente, dáse por concluída a Sesión levantándose esta cando son as 13:30 horas do día da data, estendéndose a presente acta que asina o Presidente co seu visto e praxe e eu Secretario dou fe.

V<sup>o</sup>pa

O PRESIDENTE

Asdo.: Avelino J. Sanmartín Caamaño

O Secretario

Asdo.: José Ramón Rey Álvarez